

## INFORMACIÓN XERAL SÑDR 2.0.

### 1.- CAMPOBOSCO, QUE É?

Un encontro cristián de mozos que, desde las figura de Don Bosco plantexámonos como vivir máis autenticamente como mozos/as e cristiáns hoxe.

Un Encontro de mozos das presenzas salesianas de Galicia, Asturias, Castela e León e Madrid (colexios, centros de estudos, centros xuvenís, parroquias, plataformas sociais,...) no que convivimos con outros mozos con inquedanzas, reflexionamos persoalmente e en grupo, compartimos experiencias, celebramos a Reconciliación e a Eucaristía, gozamos dos encontros persoais e de grupo, sacamos conclusións e intentamos trasladalas á vida, comprometámonos!...

### 2.- CAMPOBOSCO ONDE, CANDO, CON QUEN?

Ourense. Centro de FP Caixanova. Do venres 23 ao domingo 25 de Novembro.

A idade mínima é 16 anos.

O Campobosco comezará o venres 23 ás 21:00h. e rematará o domingo 25 coa comida.

A hora de saída desde o teu Centro indicaracho o teu animador-responsable de referencia.


### 3.- CAMPOBOSCO QUE TEMA?

Sñdr 2.0

SÑDR 2.0.=> Soñador 2.0. O título intenta recoller dúas ideas;

- Unha idea é a de xogar coa linguaxe de móbil, actual, xuvenil, de sms, e coa palabra "soñador", despois de que no Campobosco teremos a oportunidade de falar dos temas que nos preocupan, ver que é o que nos ralla, o que nos mola, e "soñar" como o fixo Don Bosco para intentar darnos resposta desde o que somos ás dúbidas, inquednanzas e compromisos que podemos ter coma mozas e mozos.

- e outra idea é xogar tamén co sentido "informático-multimedia" e renovado-actualizado do musical, fio condutor deste Campobosco, que baixo o "2.0." intenta recoller o que



pretendemos, darlle unha nova versión, baixo o que vivimos, pensamos e experimentamos,... facer deste Campobosco o Musical multimedia da nosa xeración!

#### 4.- CAMPOBOSCO, CON QUE?

Cada un ten que levar:

- Saco de durmir.
- Esterilla ou colchón.
- Bolígrafo.
- Toalla e útiles de aseo persoal (champú, xel, cepillo e pasta de dentes,?)
- Roupa (de abrigo)...
- Comidas, merendas e ceas para eses días.
- O pan do sábado e do domingo e os almorzos paraos a organización.

A Cota de Participación será indicada polos responsables de grupo de cada Centro.

#### ... E sobre todo?

O Campobosco é unha experiencia compartida. Aínda que hai cousas preparadas, o fundamental está na túa capacidade de reflexionar e de compartir vivencias e experiencias.

Conecta co teu grupo, non esperes que che dean as cousas feitas. Do interese de cada un depende que todos esteamos a gusto e vivamos unha experiencia interesante e creativa.

**Non deixes de visitar a páxina do Campobosco sñdr 2.0!!**

[www.campobosco.salesianos.es](http://www.campobosco.salesianos.es).

Nin de facernos chegar as túas impresións, dúbidas, comentarios, sensacións e demais a...: [campobosco@salesianos.es](mailto:campobosco@salesianos.es).

Equipo Sñdr 2.0